

A portuguesa Lúdia Jorge recollerá o premio Escritora Galega Universal

03.05.2013 A novelista fala hoxe, ás 20.00 horas, no salón de actos da Real Academia Galega

EFE

A Coruña. A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) dará a coñecer neste sábado os seus premios 2013 nunha gala en que será distinguida a portuguesa Lúdia Jorge como escritora galega universal.

Os 420 socios da AELG serán os encargados de escoller as obras gañadoras editadas en 2012 nas categorías de ensaio, poesía, narrativa, tradución, teatro, blog literario, literatura infantil-xuvenil e traxectoria xornalística.

Durante a gala, que decorrerá no vindeiro 4 de maio ás 20.00 horas no centro Ágora da Coruña, será distinguida a portuguesa Lúdia Jorge como escritora galega universal, un galardón outorgado pola asemblea da AELG pola súa excelencia literaria e o seu compromiso ético que a converten nun referente na defensa da dignidade humana.

A autora pronunciará hoxe venres, a partir das 20 horas, no salón de actos da Real Academia Galega, a conferencia titulada *Quem guardará os libros?*

Igualmente, serán entregados durante a gala do Centro Ágora o premio Mestres da Memoria, que na súa primeira edición recaerá sobre Manuela Cortizo e Ángel Rivas pola súa vida dedicada á transmisión oral de saberes e valores da nosa cultura tradicional; e o Premio Institucións, nesta edición dedicada ao asociacionismo cultural.

No transcurso da gala, que contará ademais coas actuacións musicais de César Morán e Uxía Senlle, serán tamén premiados os humoristas gráficos galegos Siro López Lorenzo *Siro*, Xosé Lois González Vázquez *O Carrabouxo*, Xosé Ángel Rodríguez López *Gogue*, Pepe Carreiro e Xaquín Marín.